



REGULAMENTO MUNICIPAL DA PRAZA DE ABASTOS.

Aprobado por acordo plenario do 29 de xaneiro de 2006.
Publicado no BOP de A Coruña do 6 de setembro de 2006.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade comercial minorista exercida na Praza de Abastos municipal de Santiago de Compostela estaba ordenada ata a data polo Regulamento dos mercados de abastos aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión do 30 de setembro de 1999.

Na actualidade, considérase precisa a modificación do dito regulamento e a súa adecuación ás necesidades que require a obrigada modernización das estruturas comerciais da cidade de Santiago.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º. O Concello de Santiago de Compostela, en uso das facultades que legalmente lle corresponden, consonte o disposto no artigo 25.2 g da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Lei 10/1988 e a Lei 7/96, do 15 de xaneiro de ordenación do comercio interior de Galicia, regula a actividade dos mercados en todo o termo municipal e dentro do recinto da Praza de Abastos, de propiedade municipal.

Artigo 2º. Este regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do servizo de abasto público nos mercados municipais, así como establecer o seu réxime administrativo. Na actualidade a Praza de Abastosa xestionase de forma indirecta en réxime de concesión.

CAPÍTULO II.- DAS CONDICIÓNS DE FUNCIONAMENTO DO MERCADO

Artigo 3º. Todos os produtos alimentarios que se introduzan no recinto da praza de abastos, deberán acreditar as suficientes garantías hixiénico-sanitarias, de acordo co establecido no Real decreto 2207/95, do 28 de decembro, e nas demais disposicións concordantes.

Artigo 4º. Non se permite exercer ningún tipo de actividade maiorista ou mixta de produtos alimenticios de forma ambulante ou permanente, no recinto e nas inmediacións da Praza de Abastos. Queda totalmente prohibida a actuación de revendedores e de vendedores ambulantes con vehículos, postos móbiles ou desmontables, ou outros de calquera tipo instalados no recinto da Praza de Abastos así como nos seus arredores.

Artigo 5º. Os días e horas de apertura e peche do mercado serán fixados polo Concello, tendo en conta a proposta do concesionario.

Artigo 6º. Permitirase a venda de produtos procedentes da súa colleita, no recinto do Mercado e na Travesa de Sº Agostiño exclusivamente a aqueles agricultores produtores directos que o soliciten e obteñan a correspondente autorización municipal. Para isto deberán acreditar debidamente a súa condición de agricultores, o tipo de produtos que cultivan e pretenden vender, as cantidades aproximadas, as épocas da colleita, etc.

Non se permite o tráfico, troco, cesión, arrendamento ou venda dos dereitos de ocupación destes postos entre os seus titulares. Esta actividade deberá ser regulada pola empresa xestora concesionaria nos termos das súas obrigas contractuais. A delimitación e ubicación dos postos corresponderá á entidade concesionaria da Praza de Abastos.

CAPÍTULO III.- DA EMPRESA XESTORA

Artigo 7º. O réxime e funcionamento do mercado de abastos estará baixo a dirección e responsabilidade da empresa xestora, que actuará de acordo coa normativa xeral, a municipal e o seu contrato.

Artigo 8º. A empresa xestora será responsable da custodia, conservación e servizo do Mercado e coidará de que as transaccións que se efectúen se axusten á normativa vixente e aos preceitos deste regulamento.

CAPÍTULO IV. USO E OCUPACIÓN DAS CASSETAS OU POSTOS

Artigo 9º. 1. Corresponde ao Concello de Santiago de Compostela a cesión da explotación dos postos a particulares, mediante o outorgamento de concesións administrativas.

2. O prazo da concesión será de 15 anos, admitíndose prórrogas por un período de cinco anos máis ata un máximo de 50 anos en total, contados desde a data na que foron concedidas inicialmente. As solicitudes de prórroga serán formuladas polos titulares cunha antelación de tres meses á finalización do prazo de vixencia da concesión.

3. A proposta de concesión de postos así como a determinación da contía dos dereitos dos concesionarios corresponde á empresa xestora do Mercado, quen a trasladará á Comisión de Goberno para a súa aprobación.

4. O Concello, logo do informe da empresa xestora ou por petición desta, poderá trasladar de posto a calquera concesionario sempre e cando esta decisión se xustifique na necesidade de realizar obras de conservación ou mellora do recinto, unha redistribución de espazos orientada a fomentar o rendemento comercial ou calquera outra circunstancia de carácter análogo que redunde en beneficio para a xeralidade dos usuarios.

Artigo 10º. 1.- Na adxudicación dos postos en casetas que queden vacantes aplicaranse as disposicións vixentes en materia de contratación administrativa.

A estes efectos as adxudicacións realizaranse por procedemento aberto segundo o establecido nos artigos 73 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Do acordo de adxudicación darase traslado á empresa xestora para o seu coñecemento.

2. Dado o pequeno tamaño das casetas ou postos de venda procurarase que cada usuario que o desexe poida ter licenza para un mínimo de dúas contiguas, dando as máximas facilidades para que, solicitándoo debidamente, se poida proceder ao troco ou traspaso con ese fin.

3. O concesionario dun posto lindante terá un dereito de tanteo, sempre e cando o número de casetas das que sexa titular non exceda do máximo permitido.

4. A falta de pagamento das cotas de adxudicación, así como dos dereitos de uso e ocupación ou das taxas mensuais en concepto de renda, dará lugar á incoación de expediente e á suspensión e declaración de caducidade cando a demora no pagamento sexa superior aos tres meses, perdendo o usuario todos os dereitos de ocupación e uso dos postos ou casetas.

Artigo 11º. O máximo de casetas por titular será de 6, quedando prohibida expresamente a anexión doutras casetas que, aínda que figuren a nome doutro titular, conformen unha única unidade de venda-negocio.

Autorízase a colocación de expositores ou mostradores que unan as casetas que conforman un negocio co fin de dar unidade de exposición e mellorar o seu rendemento comercial. Deberán ser do modelo que aprrobe o órgano municipal competente.

En supostos excepcionais, por acordo da Comisión de Goberno, e logo da proposta razonada da empresa xestora poderán concederse máis de 6 casetas, até o máximo de 1 nave. Nestos supostos a empresa xestora poderá propor tarifas e condicións especiais, que deberán ser autorizados pola Comisión de Goberno.

CAPÍTULO V.- TRANSMISIÓNS E TRASPASOS

Artigo 12º. En caso de falecemento do titular da licencia, esta transmitirase ao cónxuxe que o sobreviva, a non ser que estean separados legalmente. Neste caso estarase ao que dispoña a resolución do tribunal competente que xulgou a separación. En caso de falecemento deste segundo cónxuxe, dun titular separado legalmente ou solteiro, e de teren fillos recoñecidos, a licencia transmitirase ao fillo ou filla únicos ou a aquel que resulte herdeiro da concesión. No suposto de que o titular faleza sen outorgar testamento, a licencia só poderá transmitirse a un dos fillos, logo da renuncia dos demais, que deberá constar en documento público. Se non se produce esta renuncia estarase ao resultado das operacións particionais, se ben estas terán que realizarse no prazo máximo de seis meses. De non se acreditar tal feito neste prazo, o Concello, por medio da Comisión de Goberno, declarará caducada a licencia e poderá adxudicala a outra persoa polo procedemento establecido. En todo caso, o herdeiro ou herdeiros, deberán dar conta ao Concello do falecemento do titular no prazo dun mes desde que se produciu.

En caso de xubilación do titular, este solicitará do Concello a continuación dos seus dereitos en favor do cónxuxe ou fillo que conviva con el ou doutro que designe para continuar coa actividade durante o tempo que lle reste para a caducidade da licencia, pasando a ser novo titular a persoa designada.

Artigo 13º. 1. Ata un ano antes de finalizar o período de vixencia, os concesionarios das casetas ou postos poderán traspasar os seus dereitos, logo da autorización da Comisión de Goberno, sempre que non deban ningunha cantidade á empresa xestora.

Na solicitude de traspaso deberán fixar a cantidade deste e será facultade do Concello autorizalo, previo informe favorable da empresa xestora. En caso de que se autorice, a empresa xestora percibirá a cantidade fixada no seu informe e non superior ao cincuenta por cento desta cifra. Se o informe da empresa xestora é desfavorable ésta deberá exercer o dereito de retracto, indemnizando ao anterior concesionario co cincuenta por cento da cantidade indicada na súa solicitude de traspaso.

2. O tempo máximo que poderán permanecer as casetas en situación de traspaso será de noventa días, debendo comunicala por escrito ao Concello. Ao remate dos noventa días de

traspaso, as casetas non poderán continuar pechadas sendo de aplicación o disposto no artigo 26 deste regulamento.

3. Non poderán ser beneficiarias de traspasos aquelas persoas que foran titulares de postos e perderan os seus dereitos por sanción de clausura definitiva e revogación da concesión por falta moi grave, durante un período de 5 anos.

CAPÍTULO VI.- CADUCIDADE, REVOGACIÓN E RESCATE

Artigo 14º. A concesión caducará:

a) Polo transcurso do prazo de QUINCE ANOS, en caso de que o titular non solicite a prórroga.

b) Polo transcurso do período de 50 ANOS no suposto de que se utilizaran as prórrogas que procedan.

Artigo 15º. A autoridade municipal poderá revogar as licencias e outorgar a baixa na concesión, polos seguintes motivos:

a) Por pedimento voluntario do concesionario.

b) De oficio pola Administración Municipal cando concorra algunha das circunstancias previstas neste regulamento.

c) Por incumprimento da obriga de pagar o canon mensual durante 1 trimestre.

Artigo 16º. O Concello de Santiago poderá, por razóns de interese público, facer uso do rescate da concesión, coa obriga de aboar, de ser o caso, ao concesionario os danos e perdas que tal acción lle comporte.

CAPÍTULO VII.- DEREITOS E OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS

Artigo 17º. Son dereitos dos concesionarios os seguintes:

a) A realización das vendas e transaccións que autoriza o contrato de concesión.

b) O abastecemento de mercadorías, nas condicións e horarios que estableza a empresa xestora, facendo uso dos elementos comúns do mercado para tal fin.

c) Solicitar dispensas do despacho nos postos por causas de enfermidade ou por motivos persoais. Os pedimentos serán resoltos polo alcalde ou concelleiro delegado, previo informe da empresa xestora.

d) Solicitar do Concello a realización de obras ou reparacións necesarias nos elementos comúns do mercado que afecten ao funcionamento do posto.

e) A facultade de realizar traspasos.

f) A facultade de acceder as prórrogas que procedan.

g) Contratar persoal asalariado, para axudar nas operacións a realizar no posto.

h) Realizar obras no posto que supoñan unha mellora, contando previamente coa autorización municipal para o que é preceptivo o informe dos técnicos municipais e da empresa xestora.

Artigo 18º. Constitúen obrigas xerais dos concesionarios:

a) Manter o posto aberto, realizando as transaccións autorizadas.

b) Manter nas debidas condicións de conservación e limpeza tanto os postos como os panos e demais envoltorios e utensilios que normalmente se utilizan, non rebordando os seus límites.

c) Os vendedores están obrigados a usar mandilón, guantes e gorros de protección.

d) Os vendedores deberán estar habilitados mediante a posesión do carné de manipulador de alimentos que outorga a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

e) En todos os postos deberá estar á vista unha tarifa co prezo das diversas clases de artigos que neles se expendan.

f) Manter en todo momento, tanto co público como co persoal de inspección ou o persoal da empresa xestora, modais correctos.

g) Facer uso axeitado das instalacións comúns do mercado, evitando a acumulación de mercadorías nos corredores e escaleiras, así como o vertido de augas residuais, refugallos, etc.

h) Deberán cumprir a normativa vixente en materia laboral e de seguridade social.

i) Vender os alimentos nas condicións hixiénico-sanitarias esixidas.

Artigo 19º. Constitúen prohibicións específicas nalgúns postos, segundo a índole dos produtos en venda, as seguintes:

a) Venda de caza e mariscos durante as épocas de veda.

b) Venda de especies que non teñan tamaños mínimos regulamentariamente esixidos.

c) Venda de mariscos sen que conste a súa previa depuración e de calquera alimento perecedeiro caducado.

d) Venda de carnes frescas sen procedencia acreditada polo Matadoiro Municipal ou polos matadoiros ou salas de despece autorizados.

Artigo 20º. Son obrigas específicas dos concesionarios:

a) A conservación e mantemento dos locais, debendo realizar pola súa exclusiva conta as obras que requiran para adecuación ás normas sanitarias e hixiénicas, sen que afecten á estrutura do edificio.

Para tal efecto, os concesionarios deberán presentar os proxectos das obras, que se someterán a aprobación municipal.

Estas obras reverterán no Concello ao remate da concesión sen dereito a indemnización ningunha para o concesionario.

b) O pagamento de todos os arbitrios, contribucións e impostos que graven ou poidan gravar tanto os locais como o exercicio das actividades que se desenvolvan neles.

c) O pagamento puntual do canon mensual pola utilización do mercado.

CAPÍTULO VIII.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 21º. Para os efectos deste regulamento, as infraccións catalogaranse en faltas leves, graves e moi graves.

Terán a consideración de faltas leves:

a) Non manter en debidas condicións de conservación e limpeza os postos, panos, envolturas e accesorios.

b) Rebordar coa mercadoría ou materiais as dimensións do posto.

c) Ocupar coa mercadoría o corredor, as escaleiras ou demais elementos comúns do mercado.

d) Ensuciar ou verter augas residuais nos corredores ou zonas comúns do mercado.

e) Tratar con descortesía ao público ou a outros concesionarios e a empresa xestora.

f) Introducir mercadorías fóra do horario establecido.

g) Depositar os residuos fóra dos colectores.

h) Non utilizar mandilón, guantes e gorro de protección.

i) Contratar persoal sen comunicar a alta á empresa xestora.

Artigo 22º. Consideraranse faltas graves:

a) O emprego de frases ou xestos groseiros ou de ameaza e pelexas co público ou con outros concesionarios e a empresa xestora.

b) A desobediencia ás normas municipais ou da empresa xestora.

c) Ter pechado o posto durante máis de quince días sen motivo xustificado.

d) Non ter as tarifas de prezos expostas ao público.

e) Contratar persoal asalariado, na marxe das prescricións que sinala a lexislación laboral vixente.

f) Incumprir as prescricións indicadas no artigo 20 deste regulamento.

g) A venda de alimentos sen as debidas condicións hixiénico-sanitarias.

h) A venda de produtos alimenticios sen o preceptivo carné de manipulador.

i) A realización de obras menores que non afecten á estrutura do posto, sen licencia municipal.

j) A negativa a colaborar cos servicios de inspección.

K) Que os produtos postos á venda polos agricultores non reúnan algún dos requisitos sinalados no artigo 6.

l) Que os agricultores produtores que vendan produtos procedentes da súa colleita non se ubiquen nos sitios sinalados pola empresa xestora.

Artigo 23º. Consideraranse faltas moi graves:

a) A realización de transaccións non amparadas polo contrato.

b) Manter o posto pechado durante máis de tres meses, carecendo do preceptivo permiso municipal.

c) O traspaso ou alugueiro da concesión sen autorización municipal.

d) O grave deterioro das instalacións comúns do mercado por actuación imputable ao concesionario.

e) A realización de obras no posto, que alteren a súa estrutura.

f) A falta de pagamento do canon da concesión ou do canon mensual durante un trimestre.

g) A reincidencia en dúas faltas graves.

Artigo 24º. O procedemento sancionador tramitarase de acordo co Real decreto 1398/93 do 4 de agosto.

Artigo 25º. Pola comisión das faltas indicadas imporanse as seguintes sancións:

Faltas leves: multa de 30 euros ata 750 euros

Faltas graves: multa de 750 a 1.500 euros

Faltas moi graves: multa de 1.500 a 3.000 euros

Artigo 26º. A prescrición das faltas producirase:

a) Faltas leves: aos 2 meses.

b) Faltas graves: aos 6 meses.

c) Faltas moi graves: ao ano.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En caso de existiren ocupantes irregulares de casetas ou postos ou que infrinxan as disposicións deste regulamento, e co obxecto de regularizar esta situación, concédese o prazo dun mes a partir da entrada en vigor para que legalicen a súa situación e fagan efectivas as taxas ou recibos que lles correspondan.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Á entrada en vigor deste regulamento quedará derogado o Regulamento dos mercados de abastos aprobado polo Pleno o 30 de setembro de 1999.

DISPOSICIÓN FINAL

A entrada en vigor deste regulamento producirase ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e non modifica os dereitos e obrigas adquiridas polos usuarios con anterioridade naquilo que non estea especificado nel.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2006

O ALCALDE

Asdo.: José Antonio Sánchez Bugallo